



Titiriberia

FESTIVAL DE TÍTERES
TRADICIONAIS

24 AO 31 DE XULLO, 2022

RIANXO

OLLADAS SOBRE OS CRISTOVOS

30 e 31 de xullo, 2022 • 4h/día

Curso de Manipulación de guaratelle

ESCOLA DE TÍTERES
BARRIGA VERDE

- **HORARIO:** 10:00 a 14:00
- **LUGAR:** Centro Sociocultural A Capela do Araño, Rianxo
- **PREZO:** 50€ sen aloxamento (50% de desconto ás persoas que fan parte do voluntariado do festival)
- **INSCRICIÓN:** reserva por orde de inscrición e pago / info@barrigaverde.eu
- **PRAZO:** enviar solicitude de asistencia antes do día 20 de xullo, achegando os datos persoais de contacto e un breve texto de presentación e de cal é o motivo de querer facer o curso.

- **DIRIXIDO A:** +16 anos (persoas adultas que desexen perfeccionar ou achegarse á manipulación de títere de luva tradicional, un teatro popular con trazos comúns en tantos países europeos)
 - * Se alguén dispón dun teatrño de títeres axustado á súa altura, pode traelo para practicar nel durante o curso e compartilo con quen non teña
 - * As persoas socias de Unima que así o soliciten, poden acceder á seguinte axuda para asistir ao curso: 0.10 €/km de viaxe e 18 €/día de estancia / secretaria@unima.es

A Asociación Morreu o Demo, coa colaboración do Concello de Rianxo, a Deputación da Coruña e a AGADIC/ Xunta de Galicia, continúa a súa oferta formativa coa Escola de Títeres Barriga Verde dentro das actividades programadas no Titiriberia.

A recoñecida titiriteira Irene Vecchia imparte este obradoiro dirixido a persoas adultas que desexen perfeccionar ou achegarse á manipulación de títere de luva tradicional. Formada na **Scuola delle Guarattelle**, escola especializada en títere de tradición napolitana, Vecchia gradouse en Artes visuais e escénicas na Academia de Belas Artes de Nápoles e é internacionalmente recoñecida como un dos principais expoñentes desta tradición escénica. Constrúe e crea os seus propios espectáculos dende o 2012. Ao longo desta década de traxectoria, ten actuado tanto nas rúas de Nápoles como en programacións e festivais de relevancia internacional.

Este obradoiro eminentemente práctico permite ás persoas participantes coñecer de preto as forzas que se crean entre os títeres e nos repertorios clásicos da guaratelle e experimentalas desde o interior. Ademais, facilita dominar polo miúdo as técnicas de manipulación deste tipo de bonecos de cara á súa inclusión en diferentes espectáculos.

Vecchia non esquece as mudanzas inherentes a toda tradición e aborda tamén a problemática de actualizar o xeito de levar a escena un repertorio con cincocentos anos de existencia que se espallou por todo o continente europeo.

No curso, as persoas participantes poderán aprender, mediante o manexo dos bonecos tradicionais propios destes antigos espectáculos, as técnicas de manipulación empregadas nas diferentes escenas desta forma artística. Os contidos do curso serán personalizados e adaptados tanto para público sen coñecementos previos como para persoas con nocións sobre o manexo de títeres e mesmo para profesionais que queiran puír as súas técnicas de cara a algunha montaxe.

Segundo explica a propia docente, a través deste antigo espectáculo cada persoa «tiña a oportunidade de rir dos seus medos, das súas debilidades e das súas incertezas dun xeito simple, sen facer dano, e de reunirse ao tempo cos seus compañeiros e compañeiras. Unha función catártica, celebrada dunha maneira sinxela, que a sociedade precisaba para seguir adiante e enfrontar con maior serenidade os problemas que impón a vida. Co seu ritmo e a súa potente linguaxe xestual, a guaratelle vai alén dos límites da lingua oficial e convértese nunha ferramenta eficaz para a comunicación intercultural».

IMPARTIDO
★
IRENE
VECCHIA
POR